

TECNOLOXÍA de 4º de ESO

O exame consistirá nunha proba escrita. Para aprobar é preciso obter unha nota igual ou superior a 5 puntos.

Para preparar a proba, recoméndase utilizar os apuntamentos de clase e os exercicios resoltos durante o curso (ata a suspensión das clases presenciais).

As preguntas versarán sobre os seguintes estándares:

-Coñecer as características e as funcións dos principais compoñentes electrónicos: resistores fixos e variables (potenciómetro, LDR, termistores NTC e PTC), diodos rectificadores e diodos led, condensadores e transistores.

- Coñecer os símbolos dos compoñentes electrónicos citados.

-Describir o funcionamento dun circuito electrónico formado por compoñentes electrónicos básicos.

- Resolver problemas de cálculo sinxelos en circuitos electrónicos, coma calcular resistencias de protección en circuitos con diodos.

-Coñecer os sistemas de numeración binario e decimal, sabendo facer a conversión dun a outro.

-Coñecer as operacións lóxicas da álgebra de Boole e saber realizar a táboa de verdade a partires dunha función lóxica

-Coñecer as características das principais portas lóxicas: NOT, AND, OR, NAND, NOR (simboloxía, táboa de verdade, operación lóxica que realizan)

-Escribir a función lóxica a partir dunha táboa de verdade

-Resolver problemas tecnolóxicos sinxelos con portas lóxicas (escribindo a táboa de verdade, a función lóxica simplificada e representando o circuito con portas lóxicas -Coñecer os principais compoñentes dun robot educativo

-Entender o funcionamento de programas sinxelos para controlar un robot que funcione de xeito autónomo